

ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **28 de marzo de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente, dona Sonia Méndez García
- Polo Grupo Municipal do PSOE; dona Esther Muñoz Mella
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do BNG; dona Cristina Ferreiro López
- Polo Grupo Municipal do PP; Don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral; dona Elva Anido Anido
- Pola Asesoría Xurídica; dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación; don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

1.- Aprobación e sinatura da acta correspondente ó día 21 de marzo de 2014.

2.- Propostas para ditame e valoración:

- De Cultura

- Para deseño de cuberta e maquetación dos folletos “Ruta romana Lucus Augusti”, por importe de 2.945,18 euros, adxudicado á TA TA TA COMUNICACIÓN.
- Para a remodelación da exposición Imago Antiqua- Lugo Romano, na Sala de Exposicións Porta Miñá mediante a rotulación de vinilos, mobles recepción, folletos de parede de metacrilato, puff cubo, Tv Led 50, Tv Led 21,5, lonas tellado, por importe de 6.110,02 euros, adxudicado á PRELO.
- Para a actuación do grupo de gaitas Arrincadeira no barrio da Ponte, por importe de 450 euros, adxudicado á GRUPO DE GAITAS ARRINCADEIRA.
- Para a difusión de actividades culturais do I Encontro de Cidades Augustas Gallaecia, mediante a publicación de anuncios en La Voz de Galicia e El Progreso, por importe de 1.889,70 euros, adxudicado á LA VOZ DE GALICIA e EL PROGRESO.
- Para a execución do proxecto de dinamización turística da zona rural de visitas guiadas polas terras de Auga e Cultura que inclúe 36 excursións en distintos itinerarios mediante 4 temáticas, por importe de 13.486,95 euros, adxudicado á INMACULADA VARELA SUÁREZ visita temática Patrimonio Histórico Rural), XAVIER BARROS PEREIRA (visita temática Xeoloxía),

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Refª: acta 28-03-14.doc

Asunto:

MARTIÑO CABANA OTERO (visita temática Bioloxía), ADEGA (visita temática Etnografía), EMPRESA PORTOMARÍN, S.A. EPSA (traslados).

- Para a realización dun programa de actividades formativas fundadas no aspecto xeolóxico: Lugo pedra a pedra, mediante rutas e xogos, por importe de 4.671,81 euros, adxudicado á XABIER BARROS PEREIRA (OLHO DE SAPO).

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Policía Local

- Para a adquisición de caixas de 50 balas, 9mm parabelum semiblandada, por importe de 1.295,91 euros, adxudicado á ARMERÍA LINA SPORT.
- Para a adquisición de chalecos reflectantes e guantes anticorte para a policía local, por importe de 7.577,62 euros, adxudicado á MASEIMU VESTIARIO.
- Para o mantemento trimestral das instalacións de climatización do edificio da policía local, por importe de 1.936 euros, adxudicado á LUCLIMAT, S.L.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Parque Móbil

- Para a adquisición de recambios, accesorios e reparacións, por importe de 10.890 euros (PROPOSTA XENÉRICA).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Para equipamento, materiais e man de obra para a instalación dun lector de proximidade no acceso exterior a ESPAZO-LAB, por importe de 1.927,53 euros, adxudicado á PROTESE, S.L.
- Para alimentación desde cuadro eléctricos en sala de contadores ata cadro xeral en ESPAZO-LAB, en substitución da liña existente (material e mano de obra incluídos), por importe de 2.781,62 euros, adxudicado á HALLMANN ENERGY, S.L.

Estas propostas foron ditaminadas favorablemente.

- De Cemiterio

- Para a adquisición de plantas de temporada para o entorno do recinto do cemiterio municipal, por importe de 1.769,90 euros, adxudicado á TU JARDÍN GARCÍA DÍAZ, S.L.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Infraestructuras e medio rural

- Para a adquisición de produtos de limpeza: gel mans, limpiador para alquitrán, bobina de papel ecolóxico, por importe de 669,13 euros, adxudicado á EMPRESA KALON, S.A.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De protección da Comunidade

- Para mantemento e reparación de equipos e ferramentas manuais utilizados nas actividades e actuacións de persoal voluntario de protección civil, por importe de 3.000 euros (PROPOSTA XENÉRICA).

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Servizos Xerais

- Para acondicionamento de local sito na pranta baixa do inmovible nº 3 da rúa das Illas, por importe de 1.790,91 euros, adxudicado á MURALLA DE REHABILITACIONES, S.L.U.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

- De Educación

- Para a realización do programa de xadrez en centros educativos, rúas e prazas da cidade dirixido a rapaces/as entre 10 a 16 anos, por importe de 9.984 euros, adxudicado á ASOCIACIÓN CULTURAL XAQUEDRUM.

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

2.- Facturas para ditame

- De Taller de augas

- Factura número 2701, presentada por CONSTRUCCIONES SANLE LUGO, S.L., por importe de 1.098,86 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Policía e Transportes

- Factura número GR/4341, presentada por TALLERES TORNEIRO, S.A., por importe de 1.149,50 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

- De Desenvolvemento Local

- Factura número 184.556, presentada por ASCENSORES ENOR, S.A., por importe de 781,64 euros.
- Factura número 184.620, presentada por ASCENSORES ENOR, S.A., por importe de 539,81 euros.

Estas facturas foron ditaminadas favorablemente.

- De Mercado Municipal

- Factura número 184.621, presentada por ASCENSORES ENOR, S.A., por importe de 391,19 euros.

Esta factura foi ditaminada favorablemente.

4.- Rogos e preguntas

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a reunión ás 13:40 horas no lugar sinalado no encabezamento.